



## RESOLUCIÓN DO 22 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE MODIFICA O PLAN EXPERIMENTAL PARA A XESTIÓN DA NÉCORA E DO CAMARÓN COA ARTE DE NASA NÉCORA E CAMARÓN 2019-2021.

### Feitos.

Por resolución do 17 de xuño de 2019, aprobouse o plan experimental para a xestión da nécora e o camarón coa arte de nasa nécora e camarón 2019-2021.

O apartado 5 da devandita resolución, pola que se aproba o plan experimental para a xestión da nécora e o camarón coa arte de nasa nécora e camarón, di que:

«**5. Horario.** O lance da nasa de nécora e camarón será **nocturno**. A actividade poderá desenvolverse:

**Modalidade A).** Desde dúas horas antes do ocaso do domingo ata dúas horas despois do orto do venres.

**Modalidade B).** Desde dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado.

**Modalidade C).** Non obstante o anterior, nas rías de Arousa e Vigo, por dentro do anexo V, o calamento poderá ser **diúrno** desde dúas horas antes do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres. As embarcacións despachadas nesta modalidade C non poderán capturar polbo, de conformidade con establecido no artigo 128 punto 2 do devandito Decreto 15/2011.

Os horarios nocturno e diúrno serán excluíntes entre si.

As nasas de nécora e camarón deberán ser levantadas e levadas a porto diariamente, unha vez cumprido o horario de traballo.».

En relación ao anterior, a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra achega a proposta do sector relativa á solicitude de engadir no punto 5 unha nova modalidade D; proposta que foi consultada á totalidade das





confrarías de pescadores da ría de Pontevedra (a través da súa circular nº 203/19), non recibindo pronunciamento desfavorable algún ao respecto. Esta modificación foi aprobada por unanimidade na comisión de seguimento celebrada o día 18 de xuño de 2020.

En base ao anterior, esta consellería

### RESOLVE:

**Modificar** o apartado 5 do plan experimental para a xestión da nécora e o camarón coa arte de nasa nécora e camarón 2019-2021, que quedaría redactado como segue:

«**5. Horario.** O lance da nasa de nécora e camarón será **nocturno**. A actividade poderá desenvolverse:

**Modalidade A).** Desde dúas horas antes do ocaso do domingo ata dúas horas despois do orto do venres.

**Modalidade B).** Desde dúas horas antes do ocaso do luns ata dúas horas despois do orto do sábado.

**Modalidade C).** Non obstante o anterior, nas rías de Arousa e Vigo, por dentro do anexo V, o calamento poderá ser **diúrno** desde dúas horas antes do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres. As embarcacións despachadas nesta modalidade C non poderán capturar polbo, de conformidade con establecido no artigo 128 punto 2 do devandito Decreto 15/2011.

**Modalidade D).** Na ría de Pontevedra, por dentro das liñas de referencia do Anexo III do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, o calamento das nasas poderá ser diúrno desde dúas horas antes do orto do luns ata dúas horas despois do ocaso do venres. As embarcacións despachadas nesta modalidade D non poderán capturar polbo, de conformidade con establecido no artigo 128 punto 2 do devandito Decreto 15/2011.

Os horarios nocturno e diúrno serán excluíntes entre si.





As nasas de nécora e camarón deberán ser levantadas e levadas a porto diariamente, unha vez cumprido o horario de traballo.».

A presente resolución non modifica o resto das condicións establecidas no plan.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2020

A Conselleira do Mar

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo

